



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11.NAD001 05041

O plano de estudos da Licenciatura en Psicoloxía aprobado por resolución do 20 de setembro de 2001 da Universidade de Santiago establece que para acceder ó segundo ciclo deberase ter superado o 60 % dos créditos troncais e obrigatorios do primeiro ciclo.

Os alumnos que, procedentes do plano de estudos da licenciatura en Psicoloxía de 1993, se adaptan ó novo plano de estudos, están a atopar dificultades para matricular materias de segundo ciclo por non reuni-los requisitos de acceso ó segundo ciclo que establece o plano de estudos. En cambio no caso de continuar polo plano de estudos que viña cursando (1993), si poderían matricularse a pesar que a porcentaxe de créditos que tiñan que superar era do 75 % . Esta situación ven producida pola diferente organización das materias troncais nos dous planos de estudos: mentres no plano de 1993 moitas materias troncais organizábanse en varias disciplinas no plano do 2001 estas materias quedan organizadas nunha única disciplina o que impide, en moitos casos, adapta-la materia troncal.

Co obxecto de subsanar esta situación,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Os alumnos de Psicoloxía do plano de 1993 que se adapten ó plano 2001 para formalizar matrícula en materias do segundo ciclo deberán reuni-los requisitos de acceso que establecía o plano de estudos de 1993, é decir, ter 117 créditos de materias troncais e obrigatorias superados debendo facerse este cómputo no plano de orixe, antes de proceder á resolución de adaptación..

SEGUNDO.- Os alumnos que teñan unha resolución de adaptación materia por materia e reúnan os requisitos para a adaptación por ciclo, poderán solicitar que se realice a adaptación por ciclo .

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2001

O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.